

Venres, 1 de febreiro de 2019

Núm. 23

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

**MUNICIPAL****RIBADUMIA****Recadación**

### *EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E COEFICIENTE DE VERTEVEDURA*

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de saneamento, o padrón das taxas polos servizos de saneamento e coeficiente de verteduras, correspondente ao 2º semestre de 2018, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFIN, S.L. sita na rúa Ourense, número 8, Cambados, en horario de 10:00 a 13:30 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra estes actos o recibos que contén o padrón poderá formularse perante a Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación consente co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación do Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN S.L. abertas ao público de 10:00 a 13:30 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 2 de abril de 2019, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao coeficiente de vertedura a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia,

Ribadumia, 22 de xaneiro de 2019–O Alcalde, David J. Castro Mougán.

